



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

REF.: Dep.Cult. e Fest./Prog. Exposicions/ U.G.S.

Manuel Ruiz Rivas, Alcalde do Concello de Riveira,

PROPÓN BASES de participación no Festival de MURGAS E COMPARSAS, ENTROIDO 2019

Con motivo da programación do Entroido 2019 que a área municipal de cultura e festexos vén a organizar, estamos interesados en **manter a celebración do tradicional Festival de Murgas e Comparsas**, que terá lugar o vindeiro **domingo 3 de marzo de 2019 con inicio do desfile dende o auditorio municipal ás 17:00 h e celebración na praza do Concello ou carpa en caso de choiva**, evento que conta con grande aceptación popular e participación do tecido asociativo, converténdose nun instrumento de colaboración e posta en valor do traballo do tecido asociativo da cidade de Riveira.

Entre outros, determínase o **número máximo de participantes, establecendo no seu apartado 2 as categorías e modalidades**, que serán seleccionados das inscricións recibidas **ata o 18 de febreiro de 2019 ás 13:30 h no Rexistro Telemático do concello de Riveira**, e tendo en conta en primeiro lugar o criterio de antigüidade de participación neste festival e posteriormente considerar a data e número de rexistro de inscrición no evento.

- 15 grupos máximo- categoría Murgas-Adultos, 10 do termo municipal e 5 de fóra
- 5 grupos máximo – categoría Murgas-Infantís
- 5 grupos máximo- categoría Comparsas

Por todo isto, achéganse bases que regulen o festival nas que se recollen polo miúdo **a participación, gratificación, premios etc.**

Non existe ningunha modificación nin das bases nin respecto do gasto do ano anterior (2018); deberán presentar a solicitude e documentación a través da plataforma dixital do Concello de Riveira (<https://ventanilla.riveira.es>). **Os premios e gratificacións** –apartado 9- seguen a establecerse da seguinte forma: **primeiro premio de 1.000,00 €, segundo premio de 600,00 € e terceiro premio de 400,00 € e especial premio local de 350,00 €**. As **gratificacións** por participación para cada agrupación será de **200,00 €**, e no caso de que unha asociación estea representada nas dúas categorías/modalidades o importe máximo será de **300,00 €**.

Todo isto da lugar a unha contía total de 6.000 €

Á vista da redacción das bases que regulan esta convocatoria e desta proposta, SOLICÍTASE previo a súa publicación:

- **Aprobación das Bases do Festival de Murgas e Comparsas de Riveira 2019.**
- **Autorización do gasto total de 6.000,00 €, desagregado en concepto de GRATIFICACIÓNS 3.650,00 € e PREMIOS 2.350,00 €.**

Riveira, á data da sinatura dixital.

Asdo. Manuel Ruiz Rivas

XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA

1/1



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30004A5010006F1P4T3Y7H8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

UNAI GONZALEZ SUAREZ.TÉCNICO DEPARTAMENTO CULTURA - 07/01/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 07/01/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/01/2019 10:29:02

DOCUMENTO: 20190304385

Fecha: 07/01/2019
Hora: 10:27





ENTROIDO 2019

FESTIVAL DE MURGAS E COMPARSAS DE RIVEIRA

BASES (Aprobadas póla X.G.L. con data 10/01/2019)

DOMINGO 3 DE MARZO DE 2019

1.- As murgas e comparsas deberán estar formadas por un mínimo de 12 participantes, sen límite máximo. Na categoría infantil ademais deberá contar con 1 adulto (como máximo) por cada 3 nenos/as.

2.- Deberán representar a unha asociación, entidade ou agrupación, establecendo o máximo permitido de unha murga ou comparsa por categoría, modalidade e asociación.

Establécense as seguintes categorías e modalidades:

a) **Murgas (persoas adultas, dende os 16 anos incluídos): Máx. 15 agrupacións, das que dez serán do termo municipal e cinco do resto de Galicia. De non cubrirse os máximos admitiranse todas as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos destas bases.**

b) **Murgas (infantil, ata 15 anos incluídos): Máx. 5 agrupacións.**

c) **Comparsas: Máx. 5 agrupacións.**

Serán seleccionadas pola organización tendo en conta en primeiro lugar a antigüidade de participación neste evento e en segundo lugar a data e número de rexistro da súa inscrición no festival.

3.- **Para ambas as dúas categorías (infantil e adulta), as letras das MURGAS deberán ter unha extensión máxima de 2 cancións, non superiores no seu conxunto a 60 versos, nin cunha duración total superior a 8 minutos (incluíndo música, posta en escena e coreografía), quedando excluídas do premio aquelas actuacións que superen os 8 minutos de duración.**

4.- O vestiario debe estar en consonancia con algún dos temas principais das letras das murgas ou un tema de actualidade, temática de Entroido ou interese xeral.

5.- Poderanse introducir elementos complementarios en relación coa interpretación dos temas e letras, sempre que non constitúan un risco nin perigo para a cidadanía ou motivo de ofensa á honra e dignidade das persoas, **asumindo o representante de cada murga ou comparsa a responsabilidade ante reclamacións de terceiros que puideran xurdir en canto ás letras, músicas, vestiarios e outros.** Unha Comisión Avaliadora encargárase de examinar as letras das murgas previamente co fin de que non conteñan elementos constitutivos de discriminación, incitación á violencia, calumnias, falta de respecto á honra e intimidade ou outros; a comisión estará presidida polas concelleiras de Cultura e Igualdade, contando coa directora do CIM, a normalizadora lingüística e un programador cultural do Concello de Riveira.

6.- Establécese como **data límite de inscrición e de presentación das letras o luns 18 de febreiro de 2019** do presente ano, **antes das 13:30 h, no Rexistro Xeral do Concello a través da plataforma dixital en <https://ventanilla.riveira.es> ou de xeito presencial no Centro Cultural Lustres Rivas.** Entenderase que a non presentación dará lugar á non participación no Festival de Murgas.

Xunto coa solicitude de participación, achegarase letra/s da murga debendo ademais presentalas en soporte dixital xunto ao logo identificativo da agrupación (cd, pendrive, email...), relación dos integrantes do grupo (murga ou comparsa), co nome e apelidos de cada participante, así como o nome da Murga ou Comparsa. No caso de non tratarse dunha entidade deberán presentar fotocopia de DNI de todos os integrantes da Murga ou Comparsa e aplicaráselle o IRPF correspondente á gratificación e/ou premio que corresponda. **Tamén haberá que nomear un representante de cada grupo ante o Concello, que deberá entregar fotocopia do DNI e datos fiscais (CIF da entidade) e IBAN orixinal da conta bancaria da entidade para o pago da gratificación/premio correspondente.**





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

7.- As murgas e comparsas participantes comprométese a tomar parte no desfile previo á celebración do festival no lugar e hora que a organización estableza, así como a animar a ruada.

8.- O Festival celebrárase da seguinte maneira: subirán ao escenario as comparsas participantes para lucir a súa vestimenta –a súa actuación non excederá de 3 minutos–, actuarán a continuación as murgas da categoría Infantil, e ao rematar estas, as da categoría de persoas Adultas. **Todas elas por orde alfabética.**

9.- Establécese a contía total de 6.000,00 € para o festival (3.650 € para as gratificacións e 2.350 € para os premios), segundo o seguinte sistema de reparto para as distintas categorías e/ou modalidades:

9.1.- Gratificacións por participación:

a) POR CATEGORÍA/MODALIDADE: **Máx. 200 € para cada Murga** (infantil ou adulta)

Máx. 200 € para cada Comparsa

b) POR AMBAS DÚAS CATEGORÍAS:

No caso de que algunha asociación estea representada nas **dúas categorías/modalidades** a gratificación será en conxunto por importe máximo de **300 €** (os membros de cada unha das murgas (infantil/adulta) ou comparsas deberán ser diferentes entre si e acadar os mínimos requiridos).

Nota: No caso de que as gratificacións aos grupos participantes excedan a contía total destinada aos mesmos o reparto será proporcional entre todas elas ata o límite establecido. Ás gratificacións aplicaráselle a retención fiscal que corresponda segundo a lei.

9.2.- As murgas, na categoría de Adultos, optarán os **seguintes Premios:**

- **Primeiro Premio: 1.000,00 €**

- **Segundo Premio: 600,00 €**

- **Terceiro Premio: 400,00 €**

- **Especial Premio Local: 350,00 €.**

(No caso de que ningunha murga adulta do municipio de Riveira acadase un dos tres premios establecidos, este galardón entregaráselle á agrupación local que obtivese a maior puntuación).

9.3.- As murgas premiadas quedarán excluídas das gratificacións e as murgas infantís e comparsas, non optarán a ningún premio.

10.- Para establecer os premios, existirá un Xurado que estará composto por seis membros: tres profesionais (un por cada categoría a valorar: Letra e Música; Vestiario, Maquillaxe e Perruquería; Posta en escena), a Concelleira de Cultura -ou quen designe- que ostentará a presidencia do mesmo, un membro elixido ao azar polo público e un secretario/a. Cada membro contará con voto -1, 3 e 5-. A secretaría do xurado recaerá nun representante da Área de Cultura, con voz pero sen voto. A votación será inmediata ao remate de cada unha das actuacións. A decisión do Xurado será inapelable. En caso de empate priorizarase o criterio do xurado xa que os premios son individuais e indivisibles.

11.- Ao remate do festival farase entrega a cada murga e/ou comparsa dun diploma acreditativo da gratificación, así como do premio obtido aos galardoados, que serán canxeables polo importe sinalado nos mesmos e recollido nestas bases, e faranse efectivos mediante transferencia bancaria nos Servizos Económicos do Concello nos días posteriores ao festival. **A non presenza do representante designado por cada murga ou comparsa, no momento da entrega dos diplomas e galardóns e durante todo o Festival, considerarase motivo de renuncia á gratificación e/ou premio correspondentes,** que inmediatamente pasarán a disposición da organización.

12.- Todas as murgas e comparsas participantes deberán aceptar estes criterios no momento da súa inscrición no festival; a organización será competente para resolver calquera dúbida xurdida das presentes bases.

Riveira, 2 de xaneiro de 2019.

Máis información:

CENTRO CULTURAL LUSTRES RIVAS

R/ Manuel Lustres Rivas, 20, 2º Andar, dta. –RIVEIRA * Teléfono 981.83.56.50 – Fax 981 873209

Correo electrónico: culturaefestexos@riveira.com * www.riveira.gal e Entérate en Facebook e Twitter.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30004A5010006F1P4T3Y7H8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

UNAI GONZALEZ SUAREZ-TÉCNICO DEPARTAMENTO CULTURA - 07/01/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE -
07/01/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/01/2019 10:29:02

DOCUMENTO: 20190304385

Fecha: 07/01/2019

Hora: 10:27

